

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Modificación da convocatoria e bases específicas do proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Culleredo. Praza de profesor/a de percusión

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada en data 10 de xullo de 2023, adoitou o seguinte acordo en relación coas bases específicas que rexerán os procesos selectivos para a provisión ou contratación, mediante o sistema de concurso de méritos, de diversas prazas vacantes de persoal funcionario e laboral fixo do Concello de Culleredo, incluídas no proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal de longa duración contido na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, para a praza de profesor/a de percusión (a convocatoria e as bases foron publicadas no BOP nº 232 de 9 de decembro de 2022, no DOG nº 240 de 20 de decembro de 2022, e no BOE nº 313 de 30 de decembro de 2022):

Primeiro.- Modificar as bases específicas que rexerán os procesos selectivos para a provisión ou contratación, mediante o sistema de concurso de méritos, de diversas prazas vacantes de persoal funcionario e laboral fixo do Concello de Culleredo, incluídas no proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal de longa duración contido na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 29 de novembro de 2022, no referente á praza de profesor/a de percusión, nos seguintes aspectos:

- No apartado de titulacións se engade a información de que a persoa candidata debe dispoñer de unha das titulacións citadas, é dicir:

Titulo superior de música esablecido no artigo 54 da Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación na especialidade correspondente, ou equivalente; ou Título de Doctor, Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou título de Grao correspondente ou outros títulos equivalentes a efectos de docencia, determinados no Anexo VII do Real Decreto 276/2007, de 23 de febreiro, para cada especialidade.

- Na base quinta, apartado 7, que dispón “7.As/Os aspirantes que concursen á praza de profesor/a de percusión deberán acreditar a formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 16 do Real Decreto 303/2010, de 15 de marzo, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas artísticas reguladas na lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE) así como na propia LOE.” se lle engade este parágrafo a continuación:

“A estes efectos o RD 303/ 2010 dispón que:

““1. Disposición transitoria segunda. Equivalencia de la docencia impartida a la formación pedagógica y didáctica.

La acreditación de una experiencia docente durante dos cursos académicos completos o, en su defecto, 12 meses en períodos continuos o discontinuos, en centros públicos o privados de enseñanzas artísticas profesionales debidamente autorizados, se les reconocerá dicha docencia como equivalente a la formación pedagógica y didáctica establecida en el artículo 16 de este real decreto hasta tanto no se regule el título universitario oficial de máster o el título de máster de los regulados en el artículo 9 del Real Decreto 1614/2009, por el que se establece la ordenación de las enseñanzas artísticas superiores.””

Segundo.- Abrir un novo prazo de presentación de instancias para o proceso selectivo para a provisión ou contratación, mediante o sistema de concurso de méritos, de diversas prazas vacantes de persoal funcionario e laboral fixo do Concello de Culleredo, incluídas no proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal de longa duración contido na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, **para a praza de profesor/a de percusión**, mantendo como admitidos ao proceso aos candidatos que xa figuran na resolución nº 1124 de 12/06/2023 da Concelleira de seguridade cidadá e persoal pola que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos ao citado proceso (BOP núm. 114 do 16/06/2023).

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio do extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, onde figurará a oportuna referencia ao lugar onde se atopan publicadas as Bases específicas e a súa modificación.

Culleredo, 17 de xullo de 2023

A concelleira de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

P.D. Resolución núm.1260/2023 do 04.07.2023

(BOP núm. 131 do 11.07.2023)

2023/5896